

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 31 DE XULLO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta e un de xullo de dous mil dezasete, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e sete minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE XUÑO DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 26 de xuño de 2017.

### PARTE RESOLUTIVA

### 2. MODIFICACIÓNS DO MINHAFP AO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA OBRAS NA REDE DE SANEAMENTO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e trala intervención habida, acórdase o seguinte:

“O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Incorporar ao *CONVENIO INTERADMINISTRATIVO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS, RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO*, aprobado anteriormente polo Pleno, as modificacións remitidas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en base ás observacións efectuadas polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

As modificacións son as seguintes:

- A cláusula Segunda.2 queda redactada do seguinte modo:

“El convenio podrá extinguirse, durante su vigencia, por alguna de las siguientes causas:

- a) El acuerdo unánime de todos los firmantes.
- b) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.- La extinción del convenio por esta causa, tras el procedimiento contradictorio regulado en el artículo 51.2c) de la LRJSP, conllevará el pago de una indemnización a los demás otorgantes del convenio por los perjuicios causados derivados de actuaciones ya ejecutadas o como consecuencia de otras actuaciones que tengan que asumir debido al referido incumplimiento y que se determinarán por la Comisión de Seguimiento, atendiendo al estado de las actuaciones en el momento del incumplimiento.
- c) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.
- d) Por la entrada en vigor de disposiciones legales o reglamentarias que determinen su extinción.
- e) El transcurso del plazo de vigencia del convenio, sin haberse acordado la prórroga del mismo.

En dichos supuestos se establecerá, en función de la causa concreta de extinción y a la vista de la situación particular de las actuaciones en curso, la forma de continuación de las mismas y la forma de entrega de las obras al organismo competente.”

- A cláusula Décimocuarta queda redactada do seguinte modo:

“Este convenio tiene naturaleza administrativa y se rige por lo dispuesto en el Capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.- Sin perjuicio de las funciones que se atribuyen a la Comisión de Seguimiento en la cláusula anterior, las cuestiones litigiosas que puedan plantearse respecto a la aplicación, interpretación y cumplimiento de su contenido serán competencia del Orden Jurisdiccional Contencioso-Administrativo.”

Neste asunto houbo a seguinte intervención:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, para sinalar que o vai apoiar, pero lembra o xa mencionado con anterioridade, sobre a restitución no custo destas actuacións do que lle corresponda á concesionaria.

### **3. MOCIÓN, A INSTANCIA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE LUGO, DE REXEITAMENTO DUN XULGADO UNIPROVINCIAL PARA AS CLÁUSULAS SOLO.**



Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Coa modificación habida, por unha emenda de substitución, no acordo a adoptar, tralas intervencións regulamentarias acórdase o seguinte:

“Recibiuse escrito do Colexio de Avogados de Lugo, no que se dá traslado do seguinte:

“La Junta de Gobierno de este Ilustre Colegio, en sesión celebrada el día 12 de junio de 2017, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

“Problemática del Juzgado Uniprovincial para Cláusulas Suelo:

*El Ilustre Colegio Provincial de Abogados de Lugo manifiesta su total disconformidad y absoluto rechazo al plan aprobado por el Consejo General del Poder Judicial para la especialización de un único Juzgado de Primera Instancia en cada provincia que, de manera exclusiva y no excluyente, conozca sobre los litigios que se interpongan sobre cláusulas suelo en escrituras hipotecarias; criterio que, además de contravenir el criterio del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, ello supone una medida injusta y antisocial, que perjudica a la ciudadanía en beneficio de la banca, especialmente, para todos aquellos que no residen en las capitales de provincia gallegas, menoscabando gravemente el funcionamiento de la administración de justicia y la agilidad exigida en la resolución de las controversias planteadas en sede judicial, toda vez que dicha medida va a suponer un colapso del juzgado asignado para el conocimiento de dichos asuntos, en vez de llevar a cabo el reparto del trabajo conforme los criterios fijados en la legislación aplicable que implicaría su asignación a los distintos juzgados de los partidos judiciales de toda l provincia.*

*Conforme lo anteriormente expuesto, este Ilustre Colegio de Abogados se ha adherido al acuerdo adoptado por el consejo General de la Abogacía Española, en el Pleno celebrado en Barcelona, el pasado 19 de mayo, que representa a los 83 Colegios de Abogados de España, y secundando y asistiendo, todos los miembros de esta Junta de Gobierno y del resto de Corporaciones, a la concentración de rechazo que tuvo lugar, en Granada, el pasado día 1 de junio, con motivo de la celebración de las jornadas de Juntas de Gobierno de los Colegios de Abogados de España. E, igualmente, este Ilustre Colegio se adhiere al rechazo, en igual sentido, mostrado por el Consello da Avogacía Galega que recuerda, supone una medida contraria al criterio generalizado de los jueces gallegos.*

*Y ello, dado que tal decisión, como anteriormente se indicó, no sólo contraviene las normas procesales en materia de competencia territorial en perjuicio del ciudadano, al que obliga a renunciar al fuero predeterminado por la ley, sino que tal medida en absoluto conlleva una mayor agilidad y eficacia en la tramitación y resolución de los procesos judiciales que se planteen, tal y como anteriormente ya se demostró con la creación de los juzgados especializados en materia de participaciones preferentes y deuda subordinada; todo lo contrario, ya que los juzgados de los 45 partidos judiciales gallegos, gracias al esfuerzo, tanto de jueces como de letrados de la administración y funcionarios, demostraron unos tiempos de resolución óptimos, en contraposición al colapso sufrido por los juzgados especializados, con el consiguiente perjuicio al ciudadano.*

*En virtud de lo anteriormente expresado por este Ilustre Colegio de Abogados, tras mostrar su absoluto rechazo a la decisión del Consejo General del Poder Judicial, su adhesión a los acuerdos que, en idéntico sentido, han adoptado el Consello da Avogacía Galega y el Consejo General de la Abogacía Española, apoyando el ejercicio de acciones judiciales frente a dicha decisión adoptada, por entender que vulnera los derechos de los ciudadanos y es contraria a la legalidad; mediante el presente acuerdo se decide instar a los Ayuntamientos pertenecientes a todos los partidos de toda la provincia para que adopten los acuerdos y aprueben las mociones dirigidas a mostrar su rechazo a la creación del*



*Juzgado uniprovincial, interesando que se deje sin efecto el criterio del Consejo General del Poder Judicial.”*

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

O Concello de Monforte de Lemos amosa o seu apoio á seguinte proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia:

O Parlamento insta ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado, e escoitando ao Consello Xeral do Poder Xudicial, a creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia (un en cada capital de Galicia, en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela), cos medios persoais e materiais necesarios (é dicir, unha sala con xuíz, un letrado da Adxministración de Xustiza, funcionarios, unha sede e reparto propios) coa fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas chan, sempre que o ingreso de demandas sexa superior a 900 por xulgado.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que anuncia o voto favorable, por entender que están no certo no que expoñen.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non podemos estar en contra de algo que supón prexuízo para a cidadanía da comarca. (O Sr. Alcalde di que a súa proposta é un mero formulismo para o que vén de fóra).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o Parlamento de Galicia foi unánime, en transacción para o efecto, sobre o órgano para estas controversias. Presenta unha emenda co acordo unánime dos grupos parlamentarios O Colexio de Avogados está en contra dos xulgados uniprovinciais. Iso consultouse cos Tribunais Superiores. Para as preferentes, optouse por xulgados especializados; neste caso, a opción é a provincia. Pode haber opinión ao respecto, pero non ten por que haber colapso. O artigo 98 da Lei Orgánica do Poder Xudicial prevé este mecanismo. Podería haber criterios dispaes. A emenda é o acordado por tódolos grupos do Parlamento. Le a emenda (é o que figura no acordo aprobado).

(D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, non fai uso da palabra).

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o que vén do Colexio de Avogados, é acorde coa legalidade. Non é un reforzo, senón un xulgado especial. O de especial é un precedente perigoso, non é bo crear un limbo xudicial.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que descoñecen o que di o PP dese acordo no Parlamento de Galicia. (D. Emilio Iván Vázquez, do Grupo do PP, reparte copia da emenda). O escrito do Colexio de Avogados é do 15 de xuño, non sei se é posterior o do Parlamento. Hai o precedente de non emendar escritos que veñen de fóra, pero tampouco debemos ir contra o acordado no Parlamento.

De Dna. Maribel García Díaz, que di estar de acordo coa anterior interveniente, e tamén está de acordo coa preocupación do Sr. Torres polos xulgados especiais.



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o acordo do Parlamento é de xuño. O Consello Xeral do Poder Xudicial dixo que isto era excepcional e que había prazo para un acordo anterior á vía xudicial, polo que a avalancha previsible era relativa. Non imos ir en contra do acordo do Parlamento. (De cando é o do Parlamento?, pregunta Dna. Pilar López). Do 9 de xuño, anterior ao escrito do Colexio de Avogados.

Do Sr. Alcalde, que di que se con carácter excepcional, se acepta o do Parlamento, cambiamos o criterio. (Vótase como acordo a emenda presentada, quedando o do Colexio de Avogados como precedente do acordo).

#### **4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á MELLORA E INCREMENTO ECONÓMICO DOS PLANS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Dende hai varios anos as axudas para a mellora de camiños de titularidade municipal artéllanse a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Este organismo dependente da Xunta de Galicia, encargado do fomento e coordinación do territorio rural galego, ven realizando un reparto obxectivo destas axudas en función dunha serie de criterios consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Na aplicación dunha partida orzamentaria que procura como fin último a mellora das condicións de vida e traballo no medio rural a través da cohesión social e territorial, dende o Grupo Provincial Socialista atopamos varias **incoherencias de alto impacto:**

- **O importe total das axudas a repartir:** no 2017 tanto en Galicia como na provincia de Lugo atopámonos cun descenso do 61,71% con respecto ao 2016. No concello de Monforte de Lemos, a redución das axudas é de 63.361,50 € (o 63,22 % menos que no 2016).

- **Que estas axudas se tramiten a través de Agader,** unha Axencia desprestixiada por parte do goberno do Partido Popular ano tras ano, e que ten que recorrer aos seus escasos fondos propios para atender este plan, indica claramente a importancia que lle asigna a Xunta de Galicia ao noso medio rural.

Estes puntos aportan a claridade suficiente como para entender as prioridades no reparto de fondos que o goberno galego nos ten acostumbrados: evitar os criterios obxectivos e equitativos en prol dun reparto clientelar.

Tendo en conta que moitos dos concellos da provincia de Lugo soamente reciben para a mellora de infraestruturas esta axuda por parte da Xunta de Galicia, dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que un plan creado para facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio a través da mellora de camiños, debería contemplar as medidas económicas suficientes como para atender dun xeito coherente a situación actual do noso rural.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO



1º) Instar á Xunta de Galicia para que incremente a contía das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais, asegurando alomenos, e en cada anualidade (2017 e 2018), o mesmo importe das axudas concedidas no 2016.

2º) Instar á Xunta de Galicia a que en vindeiras anualidades atenda a capacidade orzamentaria deste plan dun xeito prioritario”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción e o que se propón acordar.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que traslada as felicitacións a FCC e aos traballadores polo acordo para evitar a folga a partir do 7 de agosto. Estamos de acordo co que se presenta. Hai un epígrafe curioso nela: “Estes puntos aportan a claridade suficiente como para entender as prioridades no reparto de fondos que o goberno galego nos ten acostumbrados: evitar os criterios obxectivos e equitativos en prol dun reparto clientelar”. Deberíalles soar o da Deputación para os amiguños de turno. De acordo cos puntos do acordo. Imos votar a favor desta moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. Diríalle ao Grupo Socialista que son coñecedora das palabras do Sr. Feijoo e fará cousas en favor do rural, do centro de saúde, etc.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que coinciden en que é vital a mellora das infraestruturas. Este é o 4º Plan. Di os millóns de cada un deles que son os de 2013-14, 2014-15, 2016 e 2017. Permítese solicitar anticipos. Explica a porcentaxe de financiamento en 2016 e medidas adoptadas por motivo da execución orzamentaria, é un documento complexo de máis de 200 páxinas. Sobre criterios obxectivos ou actuación clientelar, hai unha Orde que regula o Plan con criterios varios. Sobre o desprestixio da Axencia, entre na páxina web de Agader, lea o dos PDR. Hai unha incoherencia do Grupo Socialista e do Alcalde, xa que a moción de marzo sobre actuacións, foi rexeitada co voto da calidade do Alcalde. Imos votar en contra desta moción.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que se refire á discriminación negativa que vén habendo. Vense recortes e rebaixas do orzamento, tamén do Estado español con Galiza, os de aquí son xestores do do Estado. Sería interesante ir buscando un método similar ao da Deputación da Coruña ou ao da de Lugo, un plan único en base a unha serie de características. Vou votar a favor desta proposta.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que a Deputación de Lugo ten un plan único con criterios obxectivos, coa abstención do PP e do BNG. O PP di que a súa aposta polo rural non se pon en dúbida, foi en 2016 por ser ano electoral. O datos do Ministerio son elocuentes, coa rebaixa para 2017 e 2018. Hai unha diferente política na Deputación dende o PSOE –criterios obxectivos- e dende o PP –amiguismo-. Que a Xunta faga o mesmo que a Deputación e que rectifique o dos recortes.

De Dna. Pilar López Martínez, que reitera o seu voto favorable. Todo o que veña para a nosa cidade, será ben acollido.



De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa lle gustaría que todo o que di D.Emilio Iván do que se fai no rural, fose verdade. A despoboación é un problema fundamental. É necesario traballar de verdade polo rural.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que a moción é sobre os camiños. Na Orde hai criterios obxectivos: poboación, superficie, grado de despoboamento, grado de envellecemento, número de explotacións agrarias. Son criterios consensuados coa Fegamp. Podemos facer calquera tipo de demagogia, pero a Xunta fai un esforzo en favor do rural. O Plan de axuste do Concello reduciu fondos propios. Mantemos a nosa posición en contra. (O Sr. Alcalde di que o Concello de Monforte non fixo Plan de axuste. É un Plan Económico-Financeiro de non execución, non de redución).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que isto é un chanzo mais para combater o despoboamento.

De D. Iban Torres Rodríguez, que agradece os votos favorables. Dille ao PP que non se apoie nun consenso coa Fegamp, porque na súa Comisión executiva houbo queixas ao respecto. Demagogia si que é citar eses criterios, porque a realidade é outra.

## **5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN COA MURALLA MEDIEVAL E A CONTORNA DE SAN VICENTE.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“Exposición de motivos.**

A cidade de Monforte, dentro do casco antigo declarado Conxunto Histórico-Artístico, conta cunha muralla medieval que circunda o conxunto monumental de San Vicente do Pino, hoxe adicado a Parador de Turismo.

En 2008, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, elaborou un Plan Director (Plan de actuacións para a recuperación del recinto amurallado de Monforte de Lemos-Lugo) para a recuperación da Muralla no que se establecían unha serie de actuacións por fases e que aínda a día de hoxe non se levou a cabo ningunha delas.

Para poder conservar e poñer en valor este monumento, é de vital importancia que se leven a cabo actuacións previstas no documento da propia Xunta, para non correr risco de derrubo da referida fortaleza, sendo moi necesario empezar canto antes a executar as medidas máis urxentes que se propoñen no referido Plan Director e que haberá que detallar nos respectivos proxectos de obra.

Nas proximidades do recinto da muralla hai terreo que a circunda que se atopa con maleza, así como a propia muralla que leva moitos anos sen ser cortada o que impide a súa visibilidade e contribúe ó seu deterioro. A última vez que se limpou de maleza a muralla e o seu recinto, foi en 2006, fai 11 anos. Os traballos leváronse a cabo nunha superficie de 10.000 metros cadrados aproximadamente e financiáronse cunha aportación de 19.000 euros da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Tal e como se pode apreciar nas fotos do Informe-Proposta elaborado pola Oficina Municipal de Rehabilitación (acompañase copia) para solicitar o correspondente permiso á Comisióip. Territorial do Patrimonio Artístico de Lugo, a maleza de gran tamaño invade o recinto e a muralla, por iso, dende o Concello estimamos que é preciso actuar canto antes, empezando polo desbroce e limpeza da parte vexetativa.

Motivado en todo o anteriormente exposto, o Concello de Monforte ten a vontade de levar a cabo a colaboración interadministrativa que recolle a **Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no seu artigo 3, apartado a;** e coa importante implicación da Deputación Provincial de Lugo, irnos proceder á limpeza da maleza da muralla e da súa contorna, unha actuación que abarca 14.620 metros cadrados e cuxo custe ascende a 31.000 euros, para o que xa contamos co oportuno permiso de Patrimonio, como un claro compromiso do Concello de Monforte para a conservación e posta en valor deste patrimonio cultural e monumental, que é de todos os galegos, tal e como se establece no decreto sobre protección dos castelos españois, de 22 de abril de 1949 e na base de datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; onde a muralla consta rexistrada como Ben de Interese Cultural dende o 17 de outubro de 1994.

Para evitar que se siga deteriorando este monumento e acometer a necesaria recuperación do mesmo, tendo en conta que a **Lei de Patrimonio Cultural de Galicia publicada no Diario Oficial de Galicia o 16 de maio de 2016**, e cuxa entrada en vigor produciuse o 16 de agosto do mesmo ano, no artigo 2 referido á competencia e políticas sectoriais, no punto 1 establece textualmente que "**corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o Patrimonio Cultural de Galicia**".

Por todo o anterior, o Pleno municipal, por oito votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupo do PP e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

#### ACORDO

- 1 - Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inclúa no orzamento para 2018, a partida necesaria para iniciar a recuperación e reconstrución física da muralla medieval do conxunto histórico de San Vicente do Pino.
- 2 - Que redacte un proxecto par rehabilitar a muralla e o seu recinto interior e a contorna do perímetro exterior.
- 3 - Habilitar un espazo que bordee todo o perímetro interior e exterior que permita o tránsito de persoas para visitar o monumento.
- 4 - Que emprenda unha reconstrución por fases das partes máis deterioradas da muralla, de maneira que ó final das actuacións permita o percorrido pola totalidade do adarve.
- 5 - Que leve a cabo a compra ou expropiación necesarias para deixar a muralla libre de construcións particulares que tanto prexudican á estrutura e á imaxe do monumento, como xa se fixo coa muralla de Lugo."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción e o acordo que figuran nela.



(O Grupo do PP reparte unha emenda de substitución de acordo, para que este quede así: *“Instar ao Alcalde e ao equipo de goberno a: 1.-Elaborar un proxecto integral de rehabilitación e recuperación da Muralla medieval de Monforte, seguindo as indicacións do Plan de Actuacións elaborado no ano 2008 pola Xunta de Galicia, a conformidade da Dirección Xeral de Patrimonio, e coa colaboración financeira necesaria das distintas administracións, estatal, autonómica e provincial para a súa realización.- 2.- A acometer a execución do proxecto de recuperación da muralla medieval, por fases, recabando a tal fin as axudas e colaboración financeira necesaria das distintas administracións, estatal, autonómica e provincial para a súa realización”*).

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que teñen algún inconveniente á horas de aprobar os cinco puntos do acordo da moción. Estamos de acordo coa exposición de motivos, especialmente os parágrafos 2º e 3º. Hai contradición entre o acordo e frases do 2º parágrafo. Debemos –vemos agora a emenda do PP- facer referencia ao Plan Especial. Para nós, o Plan Director non é tan exhaustivo como os cinco puntos do acordo; salvo que se nos certifique que está ben así, teríamos problema para votar a favor. En base ao traballo de Alonso Montero de 2008, non vemos claro os acordos, e si máis lóxica a emenda do PP. (O Sr.Alcalde di que no punto 4 dos acordos dise que será por fases).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é conveniente redactar algo que todos poidamos votar a favor. A muralla como está é unha das vergonzas deste pobo, debería revirar a cor estar en 2017 cun Plan de 2008. A frase que oíu da xente que acompañou é “que magoa de lugar!”. Deixémonos de retóricas e poñámonos de acordo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que eles trouxeron varias iniciativas respecto á muralla. En marzo de 2017, para que se limpara o que correspondía á empresa concesionaria; o equipo de goberno votou en contra, foi rexeitado co voto de calidade. En abril de 2016, para limpar a muralla e outras cousas, que tamén se rexeitou; incluía o estudo xurídico do titular da muralla. Agora vemos que anuncian que van limpar a muralla –recordo que Esperta Monforte falou de voluntariado- cunha tesoura de podar e un guindastre; parabéns, veñen de darse conta da necesidade de actuar. Sorpréndenos a axuda da Deputación agora, porque segue comprometido no contrato de FCC, que non actuou na Ponte Vella e agora tampouco vai ser. Van a todo o detalle, pero como imos nós decidir tan concretamente. Sobre o punto 5 do acordo, a muralla de Lugo é autonómica, non así a de Monforte. Que a Xunta non teña que facer nada? Ten que autorizar, para nós a titularidade é do Concello. Traen a moción para esconder as súas vergonzas. A Xunta pode colaborar, como a Deputación ou o Estado, pero quen ten que capitanealo? Logo explicarei a emenda e como actuar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que se refire á importancia da muralla para a nosa cidade. Concorde con que é vergonzosa a imaxe que dá. A moción é ambiciosa, pero parece que nos dá medo pedir moito. Pasamos a pelota uns aos outros? Como dende 2008? Nove anos despois do Plan Director, a muralla segue como estaba. Debateremos polo miúdo, tamén a emenda substitutiva, e miraremos.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non van aceptar a emenda. Correspóndelle á Xunta, engarzado no Plan de 2008. Non se pode implicar a asumir a quen nada teñen que ver. A Xunta ten como competencia súa a muralla. Non sigamos mareando a perdiz. Se queren deixar a cousa como está..., agora entendo porque está isto paralizado dende 2008. O PP basculao nun gasto de 1.099 euros



de FCC, iso nón é alternativa á demanda á Xunta. Insiste en liberar á Xunta da súa responsabilidade. Trata de eximir á Xunta de obrigas con Monforte de Lemos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que concorda en que deberíamos tratar de consensuar algo que saia para adiante. A nós parécenos que estes cinco puntos entran moito no detalle. O Plan Director fala do adarve? O Plan Director fala de expropiar a particulares lindeiros? Se iso aparece no Plan Director, a favor; pero se non, non imos ser máis papistas ca o Papa. Sobre a emenda, se se pon “instar á Xunta” en lugar de “instar ao Alcalde”, aceptaríao o Grupo de goberno? Canto antes, debemos abordar este tema. Se se acepta a modificación na emenda de substitución, sería favorable para todos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que descoñece ese Plan Director de 2008. Será tan difícil –se está en vigor ese Plen- redactar un proxecto de acordo? Ou o deixamos sobre a mesa e traemos o Plan Director. Non me sinto capacitada sobre o do adarve. Que se faga por fases, de acordo. Que se me aclare sobre todo o punto 3, se iso é factible.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di sobre os 1.099 euros aos que se referiu o Sr. Torres, que non insulte a súa intelixencia, falamos de obrigas do contrato. Non é liberar á Xunta, non queremos que por enredarnos niso, sigamos así. O Plan Especial di que hai partes públicas municipais e partes privadas. A muralla está no Concello. Demandemos axudas de todo o mundo, por que só da Xunta? Hai que facelo con rigor: proxecto e financiamento. Dille a Dna. Pilar López sobre instar á Xunta, que é o Concello quen ten que promovelo, coa supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio. Pretendo que isto arranque, pero é que non é da Xunta, non está entre os bens autonómicos.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que hai partes da muralla que son particulares. A Xunta de Galiza e o Concello teñen a obriga de que a muralla non se caia. É un tema complexo, segundo o consultado con técnicos. Se a emenda é de engádega, entenderíao, pero substituír e pasar a pataca dun lado a outro. Se o proxecto é o de 2008, xa está feito.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di sobre o de máis papistas ca o Papa da representante de non adscritos, que menos mal que modifica a quen instar na emenda. Á portavoz do PP dille que resolve o problema competencial pola porta de atrás, condénana as súas palabras de que só queremos ir contra a Xunta.

Do Sr. Alcalde, que di que non van aceptar que unha iniciativa cara á Xunta, pase ao Concello (Dna. Maribel García di que se esqueceu de pedir a votación por puntos), e que está claro o espírito da moción.

## **6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE O REMATE DA ESTRADA DE CIRCUNVALACIÓN DE MONFORTE DENDE A ESTRADA N-120a (NACIONAL 120 ANTIGA) A N-120.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. Manuel Jesús López Sánchez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“Exposición de motivos.**



Actualmente, dos tres tramos que forman o enlace ou circunvalación que vai dende a Rúa San Pedro a N-120, tan so están executados dous tramos: O Primeiro, comprendido entre a Rúa San Pedro/Doutor Casares e a Carretera de Chantada, e o Segundo, comprendido entre a Carretera de Chantada e a N-120 a. Falta, polo tanto, executar o terceiro tramo que discurriría dende a N-120a e a N-120.

Este terceiro tramo foi presentado, co seu proxecto, fai moitos anos e dende entón plantexaronse determinadas modificacións.

Despois de tanto tempo e incluíndo modificacións que facían referencia a unha rotonda sobre a actual Estrada de Sober e a continuación da estrada baixo a vía do tren, a día de hoxe non se ten noticia algunha do citado proxecto.

Según o parecer de Esperta Monforte, a realización deste terceiro tramo ou circunvalación, resulta importante para o desenvolvemento económico de Monforte así como para o tránsito de vehículos e para a necesaria desconxestión do tráfico no centro da cidade, facilitando ademais a medida tan necesaria de peatonalizar a Ponte Medieval.

É por todo isto que o Pleno da Corporación Municipal de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

- 1.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento, responsable da execución desta infraestrutura, para que acometa no menor tempo posible a realización do citado terceiro tramo ou circunvalación ata a N-120.
- 2.- Que o Ministerio de Fomento se faga cargo das expropiacións necesarias para a realización da obra referida.
- 3.- Que esta Circunvalación quede dotada con todos os elementos necesarios que a fagan segura, como pode ser a dotación de alumado, entre outros.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción e o acordo que se propón. Fai unha explicación no de peonalizar a Ponte Medieval.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que para o próximo Pleno, traerán unha moción de cesión da Muralla á Xunta. Sobre o comentario de D.Iban Torres de cambio para o non igual que o PP, que se mire tamén o seu Grupo. Imos votar a favor da moción tal como está.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que é coherente o de que cedamos a muralla, pero mentres tanto, non podemos pretender que veña a Xunta ao que non é dela. Calquera iniciativa para rematar o proxecto, parécenos importante; o da Muralla fagámolo nós, traeremos unha iniciativa ao próximo Pleno. Sobre esta moción, non coñezo o documento, pero recordo que a proposta non era pacífica, que había contestación da veciñanza nalgunha parroquia. Como isto é xenérico, están ben os tres puntos. Na moción anterior, había o problema do detalle no que se entraba; como esta é unha iniciativa xenérica, anunciamos que a imos apoiar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que se conte tamén co seu voto a favor desta iniciativa. Descoñezo o proxecto. Xa foi redactado hai tempo, conviña darlle unha



volta. Había certo descontento, segundo di o PP, dalgún veciño. Para a peonalización da Ponte Medieval, precísase algo máis. Faltan aínda cousas da 2ª fase e tamén hai carencias na limpeza, na rotonda cara á Vide, as herbas cobren o moneco do Camiño de Inverno.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que van apoiar a iniciativa porque coincide con xestións deles. O convenio é do 10 de maio de 1995, xa hai 22 anos, estaba Castiñeira Puente de Alcalde. Ese proxecto xa non vale, hai cambios normativos, polo menos hai que adecualo. Está pendente a visita a Monforte do Director Xeral de Estradas para ver isto. O 15 de setembro de 2016, enviamos unha solicitude á Dirección de Estradas de Galicia para as xestións pertinentes para activar e refacer este convenio, para que o Ministerio asuma as expropiacións. Como é algo no que estamos traballando, por suposto imos apoiar a iniciativa.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que agradece a tódolos Grupos o voto favorable. Que aproveite o Alcalde as visitas para solucionalo. Sobre a moción anterior, na que votei a favor, o que desexo é que se faga algo sobre a Muralla, un monumento que debería ser BIC representativo de Monforte. Houbese desexado unha votación por puntos, teño dúbidas da viabilidade dalgúns.

Dna. Pilar López Martínez, Dna. Julia Rodríguez Barreira e D. Emilio José Sánchez Iglesias, reiteran sucesivamente o seu voto favorable.

## **7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA TOMAR MEDIDAS DE PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Marina Douton Rajo e Dna. Julia Rodríguez Barreira).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción, cun engadido ao acordo proposto tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“Exposición de motivos.**

Que, tomando como referencia a desgraza ocorrida en Pedrogão Grande (Portugal) e, dadas as condicións que afectan ao noso concello, cunhas carencias absolutas en materia de ordenación do territorio rural, onde non existen lindes que separen preventivamente os agros dos montes ou os núcleos rurais e edificacións illadas das zonas cubertas de vexetación (matogueiras e bosques), máis aínda cando algunhas das especies que as poboan son pirófitas, altamente inflamables e que provocan que os lumes se propaguen de maneira incontrolada.

Dándose tamén unhas condicións ambientais adversas (seca prolongada, altas temperaturas, humidades relativas baixas e días con fortes ventos) para a incidencia de lumes e un comportamento de alta perigosidade, como ocorreu en Portugal estes días pasados, que pon en alto risco de seren afectadas as propiedades (vivendas, instalacións, etc), os recursos (cultivos, gando, maquinaria, etc), infraestruturas (tendidos eléctricos e telefónicos, equipamentos sociais, etc) e, o que é máis importante, as vidas humanas.

Por todo isto, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte



## ACORDO

Instar ao goberno municipal para que tome todas as medidas ao seu alcance e que sexan do seu ámbito competencial para mellorar a situación existente, entre outras posibles:

- a) Tal como indica o artigo 16 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, revisar e actualizar o Plan municipal, redactado no ano 2009, que integrará nos plans de emerxencia municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio, con arreglo ao previsto na lexislación galega de emerxencias.
- b) Tal como indica o artigo 21 da Lei 3/2007, referido ás redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, xestionar e requirir ás persoas responsables que xestionen a biomasa vexetal nunha franxa perimetral de 50 metros, ao redor dos tipos de solo e nas condicións establecidas neste artigo, nos terreos situados a menos de 400 metros do monte, o cal se concreta na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- c) Instar ás outras administracións para que, tal como establece a normativa vixente, xestionen a biomasa vexetal naquelas franxas da súa competencia.
- d) Evitar a proliferación de especies pirófitas de gran incidencia nos incendios forestais como o eucalito que, por certo, este grupo xa propuxo a través da moción presentada no seu día para que se prohibiran novas prantacións con esta especie.
- e) A restrición ou supresión destas especies pirófitas deberíase desenvolver prioritariamente nas zonas denominadas de “interfase” (solape do forestal co urbanizado), no contorno das áreas habitadas (núcleos rurais e edificacións illadas).
- f) Nestas áreas de interfase, sería convinte transformar esa vexetación que supón un maior risco de propagación, por outra que contrarreste este efecto. Neste sentido, a implantación de frondosas e outras especies e fomentar que os agros estean limpos e traballados, son un bo exemplo de xestión neste sentido. [http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/ames/2017/02/26/ames-sustituira-eucaliptos-pinos-arboles-frondosos-reducir-riesgo-incendios/0003\\_201702S26C7996.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/ames/2017/02/26/ames-sustituira-eucaliptos-pinos-arboles-frondosos-reducir-riesgo-incendios/0003_201702S26C7996.htm)  
<http://www.farodevigo.es/multimedia/videos/sucesos/2017-06-23-123678-incendio-portugal-aldea-salvo-castaos-olivos.html>  
[https://www.google.es/amp/www.abc.es/natural-biodiversidad/20150903/abci-cipres-cortafuego-mediterraneo-201509031019\\_amp.html](https://www.google.es/amp/www.abc.es/natural-biodiversidad/20150903/abci-cipres-cortafuego-mediterraneo-201509031019_amp.html).
- g) Impulsar dende o Concello campañas, sobre todo nos Colexios, de sensibilización e concienciación da importancia da defensa e prevención contra o lume.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción e os seus acordos e fai referencia aos enlaces que figuran no apartado f). Di que hai Concellos que se declararon libres de eucaliptos.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que isto xa foi falado co gallo dunha moción sobre os eucaliptos. De acordo co que se propón. Imos votar a favor.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que coinciden en medidas a adoptar e que cada administración debe traballar en favor da biomasa no seu ámbito competencial. Dá datos sobre accións nesta materia. As especies pirófitas –teñen capacidade para librarse do lume, pero non o favorecen- non son pirómanas. Soria e Burgos son as que teñen máis pirófitas e non hai incendios. O eucalipto ten cabida nalgún lugar do territorio, hai que determinar onde si e onde non e por que. O que se propón está regulado na normativa e na ordenanza municipal, todo isto é problema de ordenación do territorio.



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o seu voto é favorable, non pode ser doutro xeito respecto a medidas para mellorar o uso dos montes. Engadiría, porque unha alta porcentaxe dos incendios son intencionados, impulsar campañas de sensibilización da importancia do monte e da lacra dos incendios, necesario facelo nos colexios. Reitero o voto a favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o Concello sempre vai colaborar, a competencia é da Xunta de Galicia. O Plan de incendios é do ano 2009. Debería pedirse todo isto á Xunta. O exemplo de Portugal non é moi adecuado.

De Dna. Maribel García Díaz, que dá as grazas a quen manifestaron o apoio á moción. Dille ao PP que pon pirófitas, non pirómanas. A planta non é por si pirómana, que prende lume. A planta pirófitas é a resistente ao fogo ou que revive despois dun incendio. Xa está algo convencido de que os eucaliptos non son tan bos. Dille ao Sr. Torres que está tan libre coma el do que se fixera antes. Competencia da Xunta? Quen fixo esta moción, entende disto, unha parte da prevención é da Xunta, pero o punto b) di redes secundarias, como as municipais. Os Concellos teñen obriga de xestionar a biomasa.

(Dna. Pilar López Martínez renuncia á segunda quenda).

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que le dun artigo da Voz de Galicia do 23 de xullo de 2017. Di un profesor de viticultura: *“La especie no suele ser el problema...La importancia y la propagación de un incendio tiene que ver normalmente con la estructura. Y la estructura depende de la especie...El eucalipto se comporta como una eficaz barrera contra el fuego cuando es muy joven, porque tiene una hoja muy verde y arde mucho peor porque tiene alto contenido en agua. Sin embargo, cuando es adulto y no se ha hecho ningún mantenimiento, precisamente porque permite que pase mucho la luz, tiene mucho matorral alrededor y acumula mucha biomasa que, en condiciones secas, pueda tener una mayor ignición. Decir que el eucalipto arde más que otras especies de árboles no es verdad. No es un hecho que siempre ocurra, depende de dónde esté plantado...”* Hay escritos científicos a favor e non é contra dos eucaliptos.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que lle pregunta á propoñente se quere engadir “in voce” o da campaña de sensibilización. Se non, o noso voto vai ser igualmente favorable.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o que é competencia do Concello xa se fai. O demais é da Xunta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non ten inconveniente en admitir a engádega “in voce”, pero iso está cuberto se se cumpre o Plan do apartado a) do acordo. Os artigos de D.Emilio Iván son de conferencias no Parador, coa Asociación de maderistas ou ilustres invitados.

(Para a votación, inclúese como engádega o texto que figura como apartado g) do acordo, no que a súa vez a propoñente engadiu a palabra “prevención”).

## **8. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O A GRUPO PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO SOBRE A FALTA DE PRAZAS DE GARDERÍA MUNICIPAL E POSIBLES SOLUCIÓN.**



(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, cunha substitución/engadido ao acordo proposto tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Tal e como xa advertimos hai máis dun mes (comunicado enviado o 7 de xuño), unhas 40 familias da cidade van quedar sen praza para os seus fillos e fillas na gardería municipal.

Este é un problema moi grave, máis aínda, á vista de que nos dous últimos anos (desde 2015) non se fixo absolutamente nada para buscar solucións a esta situación.

Está ben solicitarlle á Xunta de Galicia que instale en Monforte de Lemos unha gardería pois, sendo unha competencia da propia Xunta de Galicia, resulta sorprendente que na segunda cidade da provincia de Lugo non teña feito ningún investimento neste eido nos últimos 9 anos, porque xunto á ausencia de prazas de gardería cómpre ter en conta tamén que é preciso fomentar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a perda de veciños e veciñas coa consecuenta minoración do censo de habitantes, xa que as familias vense obrigadas a censarse noutros concellos onde si hai prazas.

Pero, mentres isto non se consiga, hai que contemplar a necesidade de ter unha partida orzamentaria para paliar esta escaseza de prazas públicas, facilitando axudas para que a poboación goce deste servizo na propia cidade (partida comprometida con motivo dos orzamentos municipais de 2017), e que pode servir para un tratamento igualitario de todas as familias xa que aquelas que non teñan praza na gardería pública e se vexan obrigadas a ir ás privadas deben de ser tratadas en igualdade de condicións e tratamento igualitario polo que as axudas dos bonos concilia e do concello deben de perseguir este fin.

Neste tema tamén queremos chamar a atención, xa que curiosamente o ano pasado – ano electoral – a Xunta concedeu todos os bonos concilia que se solicitaron, cousa que curiosamente, non se fixo outros anos. Estaría ben saber se agora se van dar todos os bonos concilia que se soliciten ou só se ofrecerán eses bonos os anos que haxa eleccións.

Ante isto, entendemos que resulta de vital importancia a creación dunha **comisión de seguimento sobre a falta de prazas de gardería municipal e aportar entre todos posibles solucións a este problema.**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar ao equipo de goberno a:

1. Crear unha comisión de seguimento co fin de velar por que todas as familias, que así o desexen, dispoñan dunha praza de gardería na nosa cidade e buscar entre todos solucións que permitan manter prazas de gardería en Monforte.
2. Clarificar se a petición dunha Galiña Azul para a nosa cidade foi de xeito formal.
3. Instar á Xunta de Galicia, -á vista das prazas de gardería que se acrediten necesarias- a adoptar as medidas oportunas para incrementar o número de prazas públicas de gardería, a disposición das familias.”



No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción e os acordos que se propoñan nela.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está claro o que se pide e o importante que é. Votamos a favor. Sobre a emenda de substitución do PP, gustaríame saber que din os propoñentes da moción, pero a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que fixeron un seguimento disto. Hai familias á espera. É diferente prazas suficientes –sálvase co bono Concilia- e prazas públicas suficientes. Para obter Concilia hai que ser rexeitados en praza pública solicitada; por iso, aínda que os pais queiran gardería privada, solicitan praza na gardería municipal, e pode haber duplicidades. Non hai Galiña Azul, porque durante anos tivemos a gardería de Caixa Galicia. Cunha Galiña Azul, podemos poñer en risco garderías privadas e persoas que aí traballan. Pode que as prazas necesarias non sexan realmente tantas. O ano pasado, o número de nenos sen praza foi de 1 ou 2. O seguimento é necesario para saber se realmente fai falla a Galiña Azul. Por iso, a emenda de substitución de parte do punto 2 e o punto 3 que propoñemos. (É o resultado que figura no acordo aprobado. Iso supón suprimir no punto 2 do acordo da moción presentada o que figura en cursiva: “Clarificar se a petición dunha Galiña Azul para a nosa cidade foi de xeito formal e de non ser así, que o pleno da corporación se dirixa á Xunta de Galicia para reivindicar este necesario investimento para a cidade.”).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non teñen inconveniente en favorecer esta moción. Quero pensar que a comisión é con vista ás necesidades. As garderías deberían ser públicas. A da Xunta de Galicia será a longo prazo. Quen propoñen a moción dirán se aceptan a emenda.

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que o contido da moción é un esperpento, non ten credibilidade. O problema non é dos dous últimos anos, tíñano vostedes antes. Non hai máis nin menos prazas. Temos 41 prazas na gardería municipal. Dá cifras por idades dos alumnos en lista de espera, nas que tamén están os que piden o bono Concilia, que son 37 en total. O Decreto do 24 de maio regula o orzamento para os bonos Concilia. Se algún neno ou nena quedase fóra, o Concello ten un orzamento propio e unhas bases que se están perfilando. A gardería ten tido melloras con subvencións da Xunta e con fondos propios: equipos tecnolóxicos, arranxo do xardín, o areal cuberto, xogos infantís, pintura en zonas e en cousas en mal estado, cadeiras múltiples para a hora de comer. É un esforzo grande manter a gardería, pero apostamos por ela. Vostedes si que non fixeron nada de nada, deixárona como a atoparon. Hai necesidade da gardería da Xunta na segunda cidade da provincia. O orzamento ten partida suficiente para onde non chegue o bono Concilia. O ano pasado non quedou ninguén sen el, este ano veremos. Vostedes cando gobernaron non fixeron nada disto, os nenos ían fóra do Concello, agora non pasa. Para saber isto, non fai falta unha comisión de seguimento, mágoa que non a había hai catro anos. A petición á Xunta foi formal, pero podemos pedilo; se se vota por puntos, si ao 2º, non ao 1º.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece á portavoz do PP que confirme que a Xunta dará o bono Concilia. Dille ao BNG para que é a comisión de seguimento, para “velar por que todas as familias, que así o desexen, dispoñan dunha praza de gardería na nosa cidade e buscar entre todos solucións que permitan manter prazas de gardería en Monforte”. Sobre os Concellos limítrofes, Dna. Marina di o que xa dixo o Alcalde nun medio de comunicación. Aquí neste Pleno hai unha persoa que me acaba de dicir que a súa



neta tivo que marchar a Ferreira de Pantón, non é certo que non se marchen. Por iso, é bo miralo entre todos. Queremos prazas públicas, sen prexudicar ás privadas. A partida do orzamento é grazas a quen a pedimos, o Alcalde ía poñer unha cantidade inferior á que nós indicamos.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que entendeu que a comisión é para ver a situación real. Que diga Dna. Marina porcentaxes de fondos propios, porque o 90% é da Xunta. O bono Concilia é para quen non teña praza pública. Unha partida do Concello é vender fume, porque o da Xunta é un crédito ampliable e o bono Concilia dásele a todos. Se queren ofertar, dean unha axuda adicional, que é compatible co bono Concilia, se non supera o custo da praza. Imos apoiar o 1º punto. Dille ao BNG que nada impide que haxa prazas privadas.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que defende o público dende unha ideoloxía política. Valoro máis o público. Son máis de polkas dos Ancares que de twist.

De Dna. Marina Douton Rajo, que di que os datos están nas cifras. Hai moito movemento na gardería. As listas son públicas. Non fai falta a comisión de seguimento. Din que o bono Concilia é para todo o mundo, temos que saber aínda o reparto por provincias. O crédito é ampliable, pero hai familias que por despiste, por exemplo, non o piden. O 90% de subvención, si, pero en novembro chegou a resolución da concesión, e o 5 de decembro tiñan que estar as obras feitas; menos mal que fomos precavidos, pero as cadeiras non chegaron para o 5 e asumíunas o Concello porque chegaron o día 9. A gardería municipal non pode medrar moito. Non sei o caso particular desa persoa para ir fóra, podemos estudalo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non é por desgraza o único caso, hai moitos máis. Que nós non fixemos nada, que vén de lonxe, etc., que diga o Alcalde canto quería poñer na partida que é de 20.000 euros grazas a nós. O problema xorde cando Caixa Galicia ía pechar, houbo unha xestión do entón Alcalde coa Xunta e cos da antiga Caixa Galicia para evitar o que aconteceu anos despois. Celebro os bonos Concilia para todos, porque o ano anterior non foi así. Sei de casos de Bóveda, de Ferreira e de Sober. Ese é o obxecto da comisión: ver necesidades e evitar que se vaian fóra. Están ben as subvencións, como se veñen da Cochinchina. Se non se pide o bono Concilia, para iso temos a partida orzamentaria. Aceptamos a emenda do PP. Temos que garantir que haxa prazas públicas no noso Concello. (Hai un diálogo entre o Sr. Alcalde, a emendante e a propoñente sobre se a emenda é de engádegas ou de substitución. O Sr. Secretario di que é unha emenda, chámese como se chame, e están claros os termos dela).

## **9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O CONTROL E ESIXENCIA DE CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DO LIXO Á EMPRESA FCC.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández e D. Emilio José Sánchez Iglesias).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



1º.-No Pleno de Marzo de este ano, celebrado o 27.3.2017, este Grupo Municipal, defendeu unha iniciativa en relación á limpeza de solares no recinto amurallado, da propia muralla e a eliminación de graffitis no entorno de San Vicente. Concretamente se instaba ao equipo de goberno:

*"1.- A que actuando de oficio, cumpra a súa función (municipal) de policía e faga cumprir as ordenanzas vixentes no Concello sobre protección medioambiental, en relación á limpeza de solares en xeral, e de modo especial, os que se atopan no recinto amurallado, actuando de modo inmediato, respecto daqueles casos en que a maleza está producindo danos no solares colindantes.*

*2.- Que proceda de inmediato a limpeza dos solares municipais, e de modo especial, os que se atopan no entorno do recinto amurallado, requirindo a tal efecto á concesionaria da limpeza viaria, FCC, para que proceda ao desbroce dos solares municipais e a eliminación de herbas e saneamento de especies vexetais invasoras na muralla.*

*3.- Que proceda a eliminar as pintadas e o graffiti existente no depósito de San Vicente, requirindo á empresa concesionaria Aqualia, que acondicione o entorno do depósito de San Vicente, para facer un mirador, como ten comprometido no seu contrato"*

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte), seis votos en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo do BNG), adoptou, co voto de calidade do Sr. Alcalde (do Grupo Socialista) tras unha segunda votación con idéntico resultado (art. 100.2 do ROF), o acordo de **"Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre actuacións no recinto amurallado"**.

Así consta na acta do pleno sinalado.

Non era esta a primeira ocasión en que o partido Popular defendía iniciativas en relación á limpeza de solares e particularmente en relación á limpeza da muralla e a elaboración dun informe que permitira determinar a súa titularidade co fin de promover actuacións de recuperación nela. Concretamente, no pleno de 4.4.2016, se debateu outra desas iniciativas, na que instabamos ao equipo de goberno a:

*"1.-A que previo o informe ou licenzia que corresponda da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de ser o caso, se adopten as medidas necesarias para proceder a limpeza da Muralla de Monforte, eliminando a maleza que crece entre os seus sillares a fin de devolverlle o aspecto de limpeza e mínimo mantemento que corresponde a monumentos desta natureza, requirindo á empresa FCC, o cumprimento do contrato que a obriga a sanear e eliminar as especies vexetais invasoras no citado monumento.*

*2.- A efectuar un estudo sobre a situación xurídica da muralla, que permita determinar a quen corresponde a súa titularidade, o longo do seu trazado, a fin de fixar o ámbito competencial da súa conservación e mantemento, como paso previo, a execución das actuacións que precise".*

Tamén neste caso, o equipo de goberno votou en contra.

Ambas mocións fundamentábanse no recollido no contrato que vincula a FCC, cando sinala, entre as súas obrigas: **"la prestación de la labor de saneamiento de especies vegetales invasoras en los monumentos públicos de referencia del Concello (Ponte Vella y Muralla)"**.

-Recentemente, o Alcalde ven de anunciar que vai proceder á limpeza da muralla. Así o ten anunciado e así figura na páxina web do Concello:



*"O Alcalde explica que "para limpar a muralla vanse empregar tesoiras de podar, co fin de frear o crecemento da maleza e tamén de mellorar o aspecto xeral da construción. Por outra parte, vaise empregar un camión-guindastre, alí onde sexa posible, que se situará no exterior da Muralla, dende o que poderán actuar os operarios para a corta da vexetación. Hai que destacar que nesta actuación non se arrincarán as plantas nin se incidirá no desenraizamento da vexetación".*

Ademais da limpeza na muralla, o Concello de Monforte pretende realizar unha actuación de desbroce e de limpeza das matogueiras que proliferan sen control nas zonas máis próximas á muralla."

Esta conducta evidencia que o Alcalde, vota en contra das propostas do Partido Popular, e mesmo carga contra elas... -non hai mais que escoitar ambos dous plenos-, para despois levalas a cabo mesmo cos mecanismos que primeiro negou e cuestionou, como por exemplo a limpeza co guindastre que no contrato de FCC se comprometía para dar cumprimento á obriga de sanear e eliminar as especies vexetais invasoras da Muralla.

Pero ademais, lonxe de requerir á empresa para que o leve a cabo, ordena facelo aos operarios municipais, en lugar de esixirlle á empresa o cumprimento do contrato, como temos comprobado no caso da limpeza da Ponte Vella.

2º.- Este grupo municipal, ten noticia de que operarios de FCC, reciben instrucións e son trasladados a outros Concellos limítrofes donde a mesma empresa presta servizos de limpeza, para levar a cabo tarefas propias dese servizo.

Esto representa, que mentras a empresa percibe os prezos correspondentes doutros Concellos, traslada aos operarios de Monforte para prestar servizos. Desta maneira, o servizo polo que estamos pagando, vese mermado, e pagamos por horas e operarios que realmente non están desenrolando o seu traballo en Monforte, o que representa un fraude ao Concello monfortino.

3º.- Este grupo ten recibido queixas de veciños advertindo de que a empresa FCC capta auga nas bocas de riego, por tanto, auga potable, para ser utilizada no baldeio das ruas, captación que está expresamente prohibida no contrato do servizo de limpeza viaria e recollida de lixo, que establece un punto de captación específico no lugar de A Veiga.

Ademais, este feito non só representa un incumprimento do contrato e unha perda de auga potable, senón que perxudica aos veciños das zonas onde se capta, que ven como diminúe de modo apreciable a presión da auga da que dispoñen cando se produce a captación, coas dificultades e molestias que conleva.

4º.- Advírtese unha falla de control e supervisión por parte do Concello no que atinxe a este tipo de actuacións da empresa FCC. E advírtese tamén unha falla de interese en esixirlle o cumprimento do contrato nos seus propios termos, de maneira que a limpeza da Ponte Vella se a levaron a cabo operarios municipais, foi obviamente por decisión do Concello.

Por todo o anterior, este grupo municipal, eleva o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

#### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.- A requerir á concesionaria do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, -FCC-, para que cumpra o contrato ao que ven obrigada nos seus propios términos. E concretamente a que proceda:



- ao saneamento das especies vexetais invasoras nos monumentos de referencia do Concello, particularmente na Ponte Vella e na Muralla.
  - a levar a cabo a captación de auga para o baldeo e limpeza viaria, nos puntos de captación previstos no contrato, absténdose de captar nas bocas de rego.
  - a que se absteña de traslaar operarios do servizo de limpeza de Monforte a prestar servizos de limpeza noutros concellos limítrofes.
- 2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan no caso de que a concesionaria, manteña esas prácticas ou outras que representen incumprimento das súas obrigas.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte), seis votos en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo do BNG e concelleiras/o non adscritas/o), adopta, co voto de calidade do Sr.Alcalde (do Grupo Socialista) tras unha segunda votación con idéntico resultado (art. 100.2 do ROF), o seguinte

### ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre o control e esixencia de cumprimento do contrato do servizo de limpeza viaria e recollida do lixo á empresa FCC.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que felicita a FCC polo acordo acadado, evitando a folga. Explica a moción. Fala da Ponte Vella e da Muralla, do traslado de traballadores a outros Concellos –refírese ao artigo 29 do contrato sobre sancións e ao 30 sobre inspección- e do baldeo con auga potable.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que nalgunhas partes da moción, de acordo, pero outras non as ten tan claras. Na páxina 118 do contrato, o punto 2.5 refírese ao servizo de desbroce e ao saneamento de especies invasoras na Ponte e na Muralla, por medio de brigada motorizada, por 1.300 euros, é o que teño anotado, o Sr.Torres dicía 1.099 euros. Segue sen solucionarse trala pregunta/rogo feita, seguen medrando herbas. Pedimos un informe que nos interprete isto, porque para nós Ponte e Muralla non é obriga de FCC. Hai outras cousas que si son a esixir. Non temos constancia dos puntos 2º -traslado de traballadores- e 3º -uso de auga potable-. Si temos constancia que que a xente está contenta en xeral co servizo de cubeo. Hai cousas non claras para poder votar a favor. Se hai que sancionar, a favor, como en calquera outro contrato.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o seu Grupo xa estivo a favor noutras ocasións da limpeza da Muralla e da Ponte Vella. A min tamén me chegou o comentario sobre servizos noutros Concellos e sobra as tomas de auga. O 9 de xuño solicitei informe sobre o tratamento con fitosanitarios. Hai unha frase nun escrito de FCC que di que o fin do tratamento é o control das diversas plantas adventicias que xorden debido ao deterioro que sofren as beirarrúas e as vías pública e que se fai imposible o seu control mediante medios mecánicos sen desatender os servizos. Non hai medios para o Concello de Monforte, pero si para ir a outros Concellos, é moi grave.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que para o saneamento de especies vexetais, hai que saber se a empresa ten capacidade ou esixe algo máis. No 2º punto do acordo, non imos estar en contra de que se cumpra o contrato. Hai que saber se os traballadores poden ser



movidos. Non está claro algún apartado do punto 1º. De acordo co punto 2º: que se cumpra o contrato, igual que no asunto que vén despois.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que sente que siga empechinada a portavoz do PP. Só hai que ver a oferta para ver que non é real. Ver o equipo asignado e o valor da oferta, 1.099,67 euros ao ano. O que di non é correcto para os labores que vostede pretende. O seu desexo é desgastar ao goberno municipal e non a realidade do contrato. Martela co mesmo, modificando mocións. Hai que instar á Xunta de Galicia respecto á Muralla. Pedirlle á Xunta que faga algo por Monforte non se lle pasa pola cabeza. Despois de 11 anos –en 2006 con Touriño- imos actuar. Co goberno do bipartito fíxose un Plan que vostedes deixaron no caixón, sen facer nada. Non temos constancia de traballadores de Monforte noutros Concellos, pero se un Concello nos pide colaboración, de acordo con colaborar. O expediente habería que abriallo a vostede.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior interviniente que fai máis ca el, que se dedica a insultar. Se a empresa ten que sanear os bordos das rúas, por que se especifica o da Muralla? Hai que facelo periodicamente. Interpretan sistematicamente en beneficio da empresa. Di que son incapaz de solicitarlle á Xunta, os que votaron en contra de actuar foron vosteses e agora fano con tesoiras de podar. Sobre o Plan no caixón, algunha iniciativa terían vostedes que facer. Cando a Muralla caeu, Monforte tivo que indemnizar. Sobre o traballo noutros Concellos, un membro do noso Grupo puido constatar iso e o das bocas de rego.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tamén debería haber expedientes por faltar ao respecto nesta Corporación municipal. Sería bo saber o permiso que teñen, polo visto co das plantas do río, que proporcionan o osíxeno. Nós non temos claridade sobre o previsto non contrato, pero si sobre o das herbas nas beirarrúas. Na rúa Corredoira hai olores desagradables do saneamento, díxoo unha persoa do público ao principio. Sobre os puntos 2º e 3º da exposición de motivos non temos constancia. Estamos de acordo co punto 1 do acordo, unha vez depurado, e co 2.

De Dna. Maribel García Díaz, que di hai moitos soares con mal mantemento. As empresas son expertas en facer contratos. O feito evidente é que apoiamos a limpeza da Muralla, o equipo de goberno dicía que non, e están a limpala. Recoñezan que o están a facer por iniciativas habidas.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que se mantén a moción como está, vai apoiala en parte.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o valor que figura no contrato é de 1.099,67 euros. Cando trata de concretar a propoñente di que ao mellor, que o que se poida facer. Non nos consta o doutros Concellos, se un Concelleiro o sabe, que comunique datos contrastados. Tenme chamado de todo, eu non me paso co que digo, nós non nos queixamos tanto, leccións de corrección en ningún momento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a Dna. Pilar López que chama a atención as súas dúbidas porque foron eles os que se meteron neste contrato. En que consiste o que incluíron sobre a Muralla? Limpar soares é outra das obrigas da empresa. Non pode parecer mal os requirimentos ás concesionarias. Dille ao Sr. Torres que non é colaboración entre Concellos, ou non saben ou non queren saber; se un membro do Grupo o soubo, aquí e agora o poñemos en coñecemento, xa non poden negar que o coñezan. Insultos e faltas de respecto, calquera pode velo, vostede non é o xardín das esencias.

Do Sr. Alcalde, que di que temos que felicitarnos e felicitar á empresa e aos traballadores polo acordo acadado de convenio e que non vaia haber folga.



## **10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ESIXENCIA DE CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, Á EMPRESA AQUALIA.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxecto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2.- É sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, resultando todas infrutuosas.

Os incumprimentos son de todo tipo.., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

E evidente que o longo dos anos as conducións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e substitución de conducións, de maneira que se adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

De feito cando algunha desas renovacións se ten producido foron financiadas polo concello ou por outras administracións, ou mesmo teñen sido consideradas indebidamente como inversións da concesionaria polo anterior equipo de goberno, pretendendo o actual Alcalde soste esa consideración na proposta de acordo que trouxo a este pleno e que era claramente favorable a empresa.

Non é a primeira vez que o Concello soporta actuacións que corresponden á concesionaria; así aconteceu coa obra do abastecemento na rua Corredoira e adxacentes; soportando así cantidades cos recursos de todolos monfortinos, que en realidade deberían ser soportados pola cncesionaria, como revela o informe emitido pola intervención municipal no seu día sobre este particular.

3.- A empresa, non so ten incumplido o contrato no que atinxe o mantemento e renovación das conducións, melloras etc. senón que contou antes e conta agora coa connivencia do equipo de goberno. Así, sendo claros os múltiples incumprimentos, nin o anterior equipo de goberno lle abriu expediente sancionador algún, nin lle dirixiu requerimento, ata que este grupo empezou a presentar iniciativas nese sentido, e mesmo promovimos unha comisión de investigación.

Este equipo de goberno leva dous anos ao fronte do Concello. Expedientes sancionadores: ningún. Reclamación á concesionaria: non. Pola contra, este equipo de goberno ten asumido obras e



custes de actuacións que lle correspondería soportar á concesionaria, e mesmo trouxo a este pleno unha proposta de acordo que beneficiaba claramente á empresa, en perxuizo do Concello.

Pero é que este equipo de goberno, sigue na mesma dinámica de non facer nada para esixirlle a esta empresa o cumprimento do seu contrato. Y eso a pesares de que sigue na súa dinámica de incumprimentos sistemáticos.

Algúns exemplos:

-Sobre a localización e eliminación de fugas: recentemente, e como consecuencia de tres reventóns seguidos vense de anunciar como unha "concesión graciosa" que Aqualia procederá á colocación de "aparatos que permitirán detectar a tempo posibles fisuras" en resposta a petición do Alcalde que lle planteou a necesidade de que a empresa "mellore a súa resposta" fronte a este tipo de averías.

A concesionaria non ten feito nin as campañas preventivas de detección de fugas a que viña abrigada nin por suposto a reparación das mesmas e a súa renovación nos tramos nos que a reparación non sexa viable, que era a fin última de tales campañas. Sobre os danos e consecuencias deste incumprimento ternos falado en moitas ocasións, sin que o equipo de goberno teña escoitado nada, do que lle ternos solicitado, e por suposto sin que teña feito nada ao respecto.

-Sobre a necesidade de impermeabilización do depósito do Cornao: o Sr. Alcalde orzamentouna inicialmente para depois facer unha modificación de crédito, -despois de que a súa execución no marco da construción da ETAP, fora rexeitado polo equipo de goberno anterior-. A necesidade de impermeabilización do depósito quedou á vista nos informes que recomentan ao Concello: "hay que recordar al Concello que sigue pendiente la impermeabilización del interior del depósito, que está fugando por varios puntos y que, además, está filtrando al interior a través de la solera el agua del freático cuando los vasos están vacíos".

-Sobre os verquidos: ten ido a pleno unha proposta para a súa aprobación, en relación ao convenio de financiación do plan de eliminación de verquidos, na que se recolle unha aportación do Concello de Monforte de 400.000 €. Esta actuación, de renovación da rede para evitar as filtracións polo mal estado da rede, ten o fin de evitar a imposición de sancións, por parte da CHMS.

Non hai constancia de que tal control semanal se producira, de feito, se teñen producido verquidos de cloro da ETAP, da EDAR do Polígono e de Piñeira, sin que exista constancia de vixiancia algunha por parte da concesionaria. Son moitos os casos de sancións por verquidos impostas pola CHMS.

-Sobre o horario de atención o público da oficina: A oficina de Aqualia permanece aberta ao público de 9 a 13 horas. A concesionaria está ofrecendo catro horas de atención o público cando ten contratadas 8 horas, de mañá e de tarde.

-Sobre o servizo de atención telefónica: A concesionaria pon a disposición dos usuarios un teléfono 902, en horario de 8 da mañá a 8 da tarde de luns a vernes. O usuario que chama a este teléfono soporta o coste íntegro da chamada. Nada que ver co que establece o contrato.

Son moitos por tanto, os exemplos donde a concesionaria Aqualia incumpre o seu contrato, mentras o Sr. Alcalde e o su equipo de goberno, miran para outra parte. Tristemente, a única sanción que pode ter



en tantos anos de incumprimentos esta concesionaria, pode vir do Instituto Galego de Consumo, por mor dunha denuncia cidadá, por ter un teléfono de pago qu non está operativo as 24 horas.

-Esta é a enésima vez que se producen abusos e incumprimentos por parte da concesionaria sin que o Concello faga nada para controlala, requerila de cumprimento e determinar os efectos económicos dos mesmos.

Queda a vista que o cambio no equipo de goberno desta cidade, non ten representado cambio algún na ausencia de esixencia á concesionaria Aqualia, no que atinxe ao cumprimento das súas obrigas.

4.- Recentemente, o Alcalde ven de darnos traslado de informes solicitados a USC e a Universidade de Vigo, cos que pretende avaliar a proposta de acorde levada a pleno no seu día.

Ante a posibilidade de que o equipo de goberno en Xunta de Goberno Local, pretenda aprobar a débeda da empresa co Concello compensando as melloras non executadas, con obras realizadas que pretenden recoñecer como investimento, este grupo propón que se inicie a tramitación dun expediente para determinar a cantidade debida polo Concello á concesionaria en concepto de IPC, e outro coa cantidade debida pola concesionaria ao Concello en concepto de melloras non executadas. E a deixar para un terceiro expediente, as posibles débedas entre as partes, derivadas da execución de obras, posibles inversións e incumprimentos que deberán ser valorados un a un.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

##### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

- 1.-A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, - AQUALIA-, para que cumpra o contrato o que ven obrigada nos seus propios termos.
- 2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan no caso de que a concesionaria, manteña a súa atitude incumpridora, respecto das obrigas recollidas no contrato que a vincula.
- 3.- A determinar os efectos económicos dos incumprimentos da concesionaria, nos termos que xa se ten instado e aprobado en plenos anteriores.
- 4.- A iniciar a tramitación dun expediente para determinar a cantidade debida polo Concello á concesionaria en concepto de IPC, e outro coa cantidade debida pola concesionaria ao Concello en concepto de melloras non executadas. E a deixar para un terceiro expediente, as posibles débedas entre as partes, derivadas da execución de obras, posibles inversións e incumprimentos que deberán ser valorados un a un.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción. O único que vimos é informes dirixidos para o acordo coa empresa. Vostede (polo Alcalde) non quere saber os alcances reais dos incumprimentos. Recoñecía 700.000 euros, cando moito diso estaba nas obrigas da empresa. Le os artigos 25 e 26 do contrato. Temos reclamado o da rúa Corredoira e temos cousas do convenio que aprobamos hoxe. Hai máis obrigas da empresa: campaña de fugas, depósito do Cornao, vertidos, horario da oficina, que tiña que ser de 9 a 2 e de 4 a 7. Logo sigo.



De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que é un tema xa debatido. Imos votar a favor. Sorprendeume escoitar na reunión coas universidades de Vigo e Santiago, á pregunta de se eran informes novos ou sobre os dos técnicos municipais, que non é posible o acordo, senón expedientes separados. A auditoría de gastos, nós cansámonos de pedilo. E cousas como o horario da oficina. A favor do que se di na moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén se felicitan por festas en paz laboral. Vou votar a favor desta moción. É bo exemplo o sucedido con Aqualia do que nunca debeu suceder.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non ten inconveniente en apoiar a moción, pero a xente de Monforte está farta de que se informe de aquí e de alá. Mentres non nos poñamos todos de acordo e deixemos de tirarnos os trastos, e isto de Aqualia se use como arma política, a empresa seguirá como quere. Cambia o tema se a empresa ve a todos xuntos fronte a ela. Hai que traballar tamén para municipalizar o servizo. Non vou debater máis polo miúdo.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que non hai tantos problemas como en anos anteriores, en cortes de auga e outros. Por aquí pasamos todos como di o BNG, e o PP creou o problema cun contrato leonino para o Concello. Non fixo cumprir o contrato nos anos 2001 e 2002. O equipo de goberno propuxo un acordo de arranxo, que o PP impediu co seu voto en contra. Houbo informes técnicos, da Deputación, da Universidade; o problema é que todos coinciden en darlle a razón á proposta que houbo de acordo. O punto 4 do acordo da moción intenta apropiarse dos informes que non lle valen. Traballamos por un mellor servizo e por cumprir o contrato e coa súa axuda non poderemos contar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que segue explicando a moción. Outro dos incumprimentos é a atención telefónica. Sobre a reflexión do BNG, comprendo o cansazo da xente porque non ten por que coñecer con detalle o contrato, pero nós estamos na obriga de coñecelo. Este contrato é de competencia do Pleno da Corporación. Non nos poñemos de acordo cando o equipo de goberno vai en contra do que acorda a Corporación. Faga un expediente sobre o que pode reclamarlle á empresa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a empresa segue facendo o que lle dá a gana, porque a Corporación non se pon de acordo. Dille ao portavoz socialista que está resolto o da falta de presión na rúa Corredoira, porque o pagamos tódolos monfortinos. Preguntemos a veciños doutros lugares, traeremos unha moción para que se acometan solucións, como se fixo na rúa Corredoira. Non se meteu á empresa en cintura, como se dixo. Sobre o informe de Antonio López da Universidade de Santiago e o de Santiago Lago e Alberto Vaquero da de Vigo, boto de menos que estes informes se tivesen feito partindo de cero. O voto é a favor da moción.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que está a favor. É un tema moi gastado, isto non tiña que ter sucedido.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que ve que non se entendeu o que quería dicir. Non se falou de que non se lle reclame, o que digo é que non se utilice como arma arroxadiza. Isto naceu dun erro de privatizar o servizo de auga. Que non se utilice como ferramenta política ou de forma electoralista. Non entro nos puntos concretos. O voto é favorable.



De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di á portavoz do PP que ten o síntoma do petróleo. Isto non vai arder máis do que ardeu, pode queimarse vostede por manexalo tanto. Nosoutros seguiremos mellorando o servizo. Tamén podó dicirlle que vostede é favorecedora de empresas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao portavoz socialista que pon en valor a súa actividade profesional, porque o que fai nisto como concelleiro non o faría na súa vida profesional. Dille ao BNG sobre privatizar, que mire o contrato. Sobre o de ferramenta política, entón xa non tomamos acordos e medidas. Van 400.000 euros para vertidos por algo que ao mellor debeu facer a empresa. Sen falar de melloras, xa estamos en algo importante. Xa é casualidade que o IPC fronte ás obrigas dea un saldo de 5.000 euros. Non quero que cando non estea na Corporación, se me diga que consentín o despropósito que dixo Esperta Monforte.

Do Sr. Alcalde, que di que é fundamental na vida ser leais. Eu non pretendo recoñecer nada, xa está recoñecido por escrito. O PP contratou a Aqualia e o goberno anterior a FCC. Este goberno nin unha nin outra, e a culpa para nós, é curioso. É curioso tamén que os informe coincidan non esencial. Acúsame de informes á medida e vostede (por Dna. Julia Rodríguez) si dixo que quería participar na elaboración do informe da Deputación.

## 11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELLORAS TÉCNICAS E SALARIAIS DO PARQUE DE BOMBEIROS COMARCAL E OS SEUS TRABALLADORES.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Julia Rodríguez Barreira e D.Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Como é sabido, no noso concello está instalado o **Parque Comarcal de Bombeiros**, pertencente ao **Consortio Comarcal**. Logo dunha visita de este grupo ao Parque, percibimos a necesidade de solventar canto antes a falta de varias ferramentas técnicas, que por a súa importancia inciden na calidade dos servizos e na seguridade dos propios traballadores.

Entre outras destaca:

- a) **Un vehículo todoterreo ou vehículo lixeiro**, que por lei debería ter o parque que permita ter un acceso rápido e efectivo a moitos sitios que o camiión nodriza por natureza non poida facer debido, en gran parte, á configuración de moitos núcleos rurais, rúas estreitas, ribeiras ... Así mesmo que poida intervir nun accidente de tráfico con maior rapidez, co que iso implica (salvar vida, evitar lesións, etc. ..)
- b) **Un segundo traxe de intervención**, xa que logo dunha intervención, os traxes mollados e sucios dificultan a acción e poñen en perigo aos traballadores no caso de ter que facer unha segunda intervención no mesmo servizo.
- c) **Unha lancha de salvamento**, que aínda que non é de obriga, si que é necesaria dado a cantidade de quilómetros fluviais e de encoros que hai na área de cobertura deste Parque Comarcal. Dita embarcación facilitaría moitas labores de rescate e así unha mellor atención á veciñanza.



Outro motivo desta moción é a diferenza alaral, ou o que é o mesmo, o trato discriminatorio con outros Parques Comarcais, por exemplo o de Ourense, xa que entre os Parques Comarcais de Ourense e Lugo hai unha diferenza salarial de 3.500€ anuais. Dado que o traballo e as condicións laborais son totalmente idénticas e dado que estes parques están gobernados polas mesmas administracións responsábeis, nada xustifica estas diferenzas e procede dar os pasos que sexan precisos para eliminalas, igualando estes salarios ás mellores condicións posíbeis.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar ao equipo de goberno a que se dirixa ao Consorcio Provincial de bombeiros para conseguir os seguintes obxectivos:

1.1.- Que se dote ao parque comarcal de Monforte con tódolos medios antes mencionados e todos aqueles que se precisen.

1.2.- Conseguir unha equiparación salarial do persoal dos Parques de Lugo con outros Parques da Galiza.

2.- Dirixirse á Xunta para que reserve partida económica ao cargo do 2017 para que, como parte do Consorcio Provincial de Bombeiros se equiparen os salarios dos traballadores.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción –con algunha explicación- e o acordo que nela se propón.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están a favor do que se expón e dos puntos do acordo. Imos votar a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di estar de acordo coas melloras e que a equiparación salarial tamén é lóxica. Pero ímonos abster porque a Xunta está xestionando posibles cambios neste ámbito. Tamén dependerá da xestión privada ou pública, o status persoal dos traballadores. Mentres non se resolva o problema, abstención.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que é necesario e xusto contar con medios e coas medidas de seguridade. De acordo coa non discriminación salarial: mesmo traballo e responsabilidade, mesma retribución; segundo dixo o Presidente da Deputación, que solicitou do Vicepresidente Rueda a dotación para a diferenza salarial. A Deputación está nisto, esperamos pola Xunta, pero está difícil porque a Xunta non o fai. Apoiamos a moción sen negar os problemas.



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece os votos a favor. Dille ao PP que se estará traballando en cousas, pero débense respectar xa os dereitos dos traballadores e a equiparación salarial.

(Dna. Pilar López Martínez, Dna. Maribel García Díaz, D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez e Dna. Gloria Prada Rodríguez, renuncian á segunda quenda)

### **ASUNTOS DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no art.91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os asuntos que logo figuran. Estes asuntos, tamén por urxencia, foron ditaminados na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

#### **A) REVISIÓN DAS TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL EN BASE AO IPC.**

En base a proposta e trala intervención habida para este asunto e para o seguinte, acórdase en votación separada:

“Vista a solicitude presentada por ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. de subida das tarifas pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas para os exercicios 2018, 2019, 2020 e 2021 e a compensación económica correspondente polo importe deixado de percibir pola non subida no período 01/05/2015 a 31/12/2016.

Visto o informe de Intervención, tendo en conta respecto á subida de IPC das tarifas, que isto será levado anualmente a Pleno no expediente de modificación de ordenanzas fiscais,

O Pleno, por trece votos a favor (Grupos Socialista, do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e catro abstencións (concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

#### **ACORDO**

Recoñecer o dereito da empresa a percibir a compensación solicitada, por importe de 39.422,32 € (xa que no cálculo hai unha pequena diferenza entre a documentación presentada e o importe solicitado), e proceder ó trámite da correspondente modificación orzamentaria para a dotación de crédito na aplicación, mediante un suplemento de crédito na aplicación 342.470.00 DEPORTES. CONCESION PISCINA MUNICIPAL con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais.”

Sobre os dous asuntos de urxencia, houbo a seguinte intervención:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que se van abster. O que nos molesta é unha dobre vara de medir, quen o viu e quen o ve. No informe de Intervención figura a actualización do IPC no ano 2012, cousa que non aconteceu en 2013. Non actuou vostede (polo Alcalde) con responsabilidade naquel momento –despois xa non se intentou-, de aí a necesidade desta compensación. No contrato non figura expresamente o IPC, pero si nos cálculos cunha porcentaxe aproximada do 2%. Con responsabilidade, imos absternos. Oxalá tivese feito vostede o mesmo. (O Sr.Alcalde di se se van debater as responsabilidades do pasado e que acepta a crítica).

#### **B) MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 27/2017: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA O FINANCIAMENTO DE OBRIGAS PENDENTES (CONTA 413).**



En base a proposta e trala intervención habida para este asunto e para o anterior, acórdase en votación separada:

“De conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

*Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*

*b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantívese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

**c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.**

*Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

*3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*



4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

Visto que para o exercicio 2016 con respecto ó anterior se establece o seguinte:

*Disposición adicional octoxésima segunda LPXE 201:*

*En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ó ano 2015 prorrogase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional decimosexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Ós efectos do apartado 5 da última disposición citada as referencias ós anos 2014 e 2015, deberán entenderse a 2016 e 2017, respectivamente.*

Visto que na LPE para 2017 (D.A. 92), se prorrogan estas medidas mediante a seguinte disposición:

*Disposición adicional nonagésima segunda. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2016.*

*En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2016 se prorroga para 2017 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. A los efectos del apartado 5 de la última disposición citada las referencias a los años 2014 y 2015, deberán entenderse a 2017 y 2018, respectivamente.*

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2016 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, pero incumple o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademáis cumpre co PMP tanto a 30/12/16 como no primeiro e segundo trimestre de 2017.

Tendo en conta que na conta 413 constan pendentes de aplicar ó orzamento as seguintes débedas:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE
COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/05/15 A 31/12/16)	B32267031 ALACER, OCIO Y DEPORTE SL	39.422,32
	TOTAL	39.422,32



Para proceder ó recoñecemento e liquidación desta obrigas considérase pertinente tramitar unha modificación de crédito con cargo ó remanente líquido de tesourería da liquidación de 2016, dado que se trata dun gasto específico e determinado que non debe ser demorado a exercicios posteriores e que o crédito consignado nas partidas ás que imputar o gasto no orzamento vixente resulta insuficiente para o recoñecemento das obrigas.

Visto o anterior, o Pleno, por trece votos a favor (Grupos Socialista, do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e catro abstencións (concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 27/2017 por importe de **39.422,32 €** na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2016, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e á LPE 2017 que aproba a prórroga das medidas previstas na citada D.A. Sexta, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
342.472.00	SALDO CONTA 413 COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/05/15 A 31/12/16)	39.422,32

APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	39.422,32

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

**12. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 19.06.2017 a 21.07.2017. (E de catro Resolucións do 14 de xuño de 2017, pendentes deste trámite).**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19 de xuño e o 21 de xullo de 2017, así como de catro Resolucións do 14 de xuño de 2017, pendentes deste trámite.

**13. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 28.06.2017, de 11.07.2017, de 18.07.2017 e de 19.07.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**



A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **14. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE DE 2017 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAFP.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2017, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

#### **15. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 2º TRIMESTRE DE 2017.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2017, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,75.

#### **16. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2017.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2017:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

#### **17. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **1º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE QUE QUEDARON PENDENTES NA SESIÓN ANTERIOR.**

(No transcurso deste primeiro apartado de rogos e preguntas, auséntase e reincorpórase D.Iban Torres Rodríguez).

(Dna. Maribel García Díaz –portavoz do Grupo- procede a formular sucesivamente os diversos rogos e preguntas. Están reflectidos na acta anterior. Aquí consta a concreción final de cada rogo ou pregunta).

- ROGO SOBRE SEGURIDADE EN EMERXENCIAS.

“(...) Faga as xestións necesarias con SERGAS e Consellería de Sanidade esixindo dar solución aos problemas que teñen a cidadanía sen unha seguridade diante dunha emerxencia.”

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**



Recollemos o rogo. Creo que é de Presidencia e non de Sanidade o 112.

- ROGO SOBRE OS PASOS A NIVEL.

“(…) Se dirixa a ADIF, esixindo o bo funcionamento de todas as barreiras de seguridade do noso Concello.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Recollemos o rogo.

- PREGUNTA SOBRE AS TERRAZAS.

“(…)”

1. Vai facer cumprir a normativa sen esperar a que ocorra algo irreparábel?
2. Cantas mesas ten autorizadas cada unha das cafeterías instaladas na Rúa Cardeal?
3. No caso de que algunha delas exceda e ocupe espazo público non autorizado, procederá a facerlle cumprir a norma?
4. Teñen licencia de uso de espazo público e polo tanto pagan todos os negocios que o están a utilizar?
5. Que departamento deste Concello e o encargado da vixilancia de cumprimento desta normativa”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Lamentamos as dificultades habidas na rúa Cardeal e así o fixemos chegar aos hostaleiros a través da súa Asociación. Non é nada novo, o que non quere dicir que non se poñan solucións. Tamén hai unha xestión extramunicipal por estar dentro do casco histórico. A vixilancia correspóndelle á Policía Local.

(Dna.Maribel García dille ao Alcalde que non contesta. O Sr.Alcalde dille que non o pode obrigar a contestar o que ela queira. Dna. Maribel García di que non fai máis preguntas –de feito, había tres preguntas máis pendentess- e abandona a sesión).

**2º.- PREGUNTA E ROGO PRESENTADOS POR REXISTRO POLO GRUPO DO BNG O DÍA 26 DE XULLO DE 2017.**

(D. Emilio José Sánchez Iglesias –portavoz do Grupo- formula sucesivamente a pregunta e o rogo).

PREGUNTA RELATIVA Á LIMPEZA DOS REGATOS.

“Logo de anunciar o Concello que ía limpar o tramo urbano do curso do río Cabe, e logo de que se anunciara que a CHMS íase facer cargo de tal limpeza, pregunto *por que non se toman as mesmas medidas cos regatos que existen dentro do casco urbano, tales como Río Seco, Zapardiel e Malloadas?* Estes regatos ao noso xuízo precisan dunha intervención urxente dado o estado de abandono que presentan como xa se ten debatido no Pleno.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**



A Confederación dixo que o ían facer eles cunha brigada. Non sei se se vai facer. Os regatos non urbanizados non son de competencia municipal, hai sentenzas de que son da Confederación ou da administración autonómica. Hai que limpar, o Concello non ten a competencia.

ROGO RELATIVO AO RUEIRO DE MONFORTE.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Ao fío do acordado no último Pleno, en relación ao cambio de nome de varias rúas desta cidade, hai que ter en conta que cada vez máis visitantes empregan os medios electrónicos de navegación para orientarse.- En aras de facilitar o tránsito de quen nos visita

SOLICITO: *Que se tomen as medidas necesarias para actualizar o rueiro de Monforte en ditas plataformas dixitais, co nome actualizado das rúas, así como o sentido do tráfico.”*

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Recollemos o rogo e mirarémolo cos técnicos da casa.

### **3º.- PREGUNTAS E ROGOS PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO POLAS/O NON ADSCRITAS/O O DÍA 28 DE XULLO DE 2017.**

(O Sr.Alcalde di que tivo coñecemento no día da sesión ao mediodía, pero que ten datos.- Dna. Pilar López –representante das/do non adscritas/o- formula sucesivamente as preguntas e os rogos).

PREGUNTAS.

1. Nos últimos días ten aparecido un letreiro de **PROHIBIDO ESTACIONAR no espazo dedicado para tal fin na Rúa Sarría**. Dado que estamos en pleno período vacacional e nos vindeiros días a nosa cidade acollerá a moitos visitantes con motivo do mes de agosto e mesmo das festas patronais, gustaríanos saber cal é o motivo polo cal xa non se pode estacionar nese espazo e ao mesmo tempo que alternativas de estacionamento ten previsto levar a cabo, unha vez que se suprima o aparcamento do Parque dos Condes con motivo das atraccións festivas e se suprime o antes nomeado.
2. No pasado mes de xuño dábanse por iniciados os, xa tradicionais, **Paseos en barca polo río Cabe**. En anos anteriores, sempre saían como mínimo 5 ou 6 barcas para goce de monfortinos e monfortinas, así como de visitantes que se achegan á nosa cidade. Curiosamente este ano, só saíron 2 barcas ao río. É por esta razón que queremos saber cal é o motivo de que non tivesen saído máis embarcacións.
3. En relación ao **ximnasio municipal** ubicado no recinto da piscina climatizada e segundo nos fan chegar algúns usuarios do mesmo, existen dúas máquinas moi demandadas que levan máis de 5 semanas fóra de servizo, ademais de que algunhas outras tamén presentan deficiencias. Segundo parece, mesmo existen reclamacións por escrito de tales circunstancias e a pesar diso, segue sen resolverse o problema. Por este motivo rogámoslle que se arranxe esta situación o antes posible e queremos saber por que razón non se resolve o problema e a que se debe tal avaría.

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

1. Non está prohibido estacionar. Puxo o sinal un herdeiro sen contar cos demais. Falado coa persoa que se relaciona co Concello sobre isto, dixo que seguirá o estacionamento sen problema. Hai



algunha cuestión coa facturación, pero vaise seguir aparcando. (Vaise sacar o sinal?, pregunta Dna. Pilar López). É conveniente retiralo.

2. Dúas barcas estaban avariadas e este inverno presentáronse dificultades con outras dúas. O señor do Barco de Valdeorras que as fixera, non podía reparalas ata maio, e leváronas alá. (Dna. Pilar López di que en 2015 reparouse unha barca deteriorada, había partida para iso).
3. Non hai constancia directa de denuncias. Para unha cinta avariada hai problema cos recambios. Outra cinta xa está reparada.

#### ROGOS.

1. Como se pode comprobar en moitas estradas de titularidade provincial as cunetas están inzadas de herba que acadan un tamaño considerable e mesmo invaden as beiravías coa dificultade de visión dos/das condutores/-as e especialmente nos tramos de curvas co conseguinte perigo que conleva no caso de aparecer algún peón paseando. Por este motivo, rogámoslle que se dirixa á Excm. Deputación provincial de Lugo para que proceda ao desbroce e limpeza das cunetas das estradas da súa titularidade.
2. Na rúa Manuel Antonio son moitos os veciños e veciñas que circulan por esta vía a diario e que nos solicitan que se lle asfalte ese espazo así como se desbrocen as herbas que nela existen. Por este motivo, rogámoslle que actúe nesta rúa á maior brevidade.

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Tomamos nota dos rogos.

(O Sr. Alcalde desexa bo verán, boas festas e ata setembro).

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e vinte e tres minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,





